

Celga



4

PROBA B (ORAL)

Caderno dos examinadores



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

C4-B-13

PARTE 1 (Texto escrito)

A continuación, lea vostede o seguinte texto sobre a historia do turismo. Tome as notas que precise. Na entrevista oral terá que:

- Resumir o texto.
- Realizar unha exposición.
- Conversar sobre o tema.

A HISTORIA DO TURISMO PASO A PASO

O turismo nace no século XIX, como unha consecuencia da Revolución Industrial, pero xa na Grecia clásica se lle daba grande importancia ao ocio e o tempo libre dedicábano á cultura, ás diversións, á relixión e ao deporte. Os desprazamentos máis destacados eran os que realizaban co gallo de asistir aos Xogos Olímpicos na cidade de Olimpia, aos que acudían miles de persoas e onde se mesturaban relixión e deporte.

Durante o Imperio Romano os romanos frecuentaban augas termais, eran asiduos a grandes espectáculos como os teatros e realizaban desprazamentos habituais cara á costa.

Na Idade Media xurdiu un tipo de viaxe nova: as peregrinacións relixiosas. Estas xa existiran na época antiga e clásica, pero tanto o cristianismo coma o islam estenderíanas a un maior número de crentes e os desprazamentos serían maiores. Son famosas as expedicións desde Venecia á Terra Santa e as peregrinacións polo Camiño de Santiago.

A finais do século XVI xorde o costume de mandar os mozos aristócratas ingleses a facer o Gran Tour ao finalizaren os estudos, co fin de complementar a súa formación e adquirir certas experiencias, xa que nun futuro eles gobernarían o seu país. De aí proceden as palabras turismo, turista etc.

É posible afirmar que as viaxes de pracer tiveron os seus inicios nos últimos anos do século XVIII e nos primeiros do XIX. Grandes cambios na sociedade, nos estilos de vida, na industria e na tecnoloxía alteraron a morfoloxía da comunidade. O turismo foi un dos fundamentais beneficiarios para chegar a ser, a finais do século XX, a maior industria do mundo.

Coa Revolución Industrial consolidouse a burguesía, clase social que dispón de recursos económicos e de tempo libre para viaxar. Na Idade Contemporánea o invento da máquina de vapor supuxo unha redución espectacular nos transportes que ata o momento eran tirados por animais. As liñas férreas estendíanse con gran rapidez por toda Europa e Norteamérica. Mentres, o uso do vapor e a navegación reducía o tempo dos desprazamentos.

Tras finalizar a primeira guerra mundial empezou a fabricación en masa de autocares e automóbiles. Nesta época as praias e os ríos convertéronse nos destinos turísticos máis concorridos de Europa, comezando a adquirir grande importancia o turismo da costa. O tímido desenvolvemento do avión, empregado por minorías en longas distancias, acabará impóndose sobre as compañías navieiras.

Comeza a xurdir o turismo de montaña ou de saúde e constrúense os famosos sanatorios e clínicas privadas europeas. Moitas destas construcións chegan aos nosos días como pequenos hoteis con encanto.

Pero a crise de 1929 repercute negativamente no sector turístico limitando o seu desenvolvemento ata ben entrado o ano 1932. E un pouco máis tarde a segunda guerra mundial paraliza absolutamente o turismo no mundo e os seus efectos esténdense ata o ano 1949.

Entre 1950 e 1973 comézase a falar do *boom* turístico. Xorde a chamada sociedade do benestar na que, unha vez cubertas as necesidades básicas, aparece o desenvolvemento do nivel de formación e o interese por viaxar e coñecer culturas. Por outra banda, a nova lexislación laboral adopta as vacacións pagadas, a semana inglesa de cinco días laborais, a redución da xornada de 40 horas semanais e a ampliación das coberturas sociais (xubilación, desemprego...). Todo isto vai potenciar en gran medida o desenvolvemento do ocio e do turismo.

Tamén son estes os anos nos que se desenvolven os grandes núcleos urbanos e se fai evidente a masificación, evidenciándose o desexo de evasión, de escapar do estrés das cidades e de librar as mentes de presión.

Nesta época desenvólvese a produción de autos en cadea, o que os fai cada vez máis accesibles, así como a construción de estradas e autoestradas, que permite un maior fluxo de viaxeiros. O avión de hélice é substituído polo de reacción, o que supón un golpe definitivo para as compañías navieiras.

En 1972 créase o InterRail en Europa, un billete de tren co que os mozos de ata 21 anos teñen a posibilidade de viaxar libremente en segunda clase. Os lugares que poden percorrer durante un período máximo dun mes son os países europeos que forman parte da comunidade do InterRail.

Todos estes factores lévannos á era da estandarización do produto turístico. Os grandes operadores turísticos lanzan ao mercado millóns de paquetes turísticos idénticos. Na maioría dos casos utilízase o voo chárter, que abarata o produto e o populariza.

No turismo de hoxe o papel principal téñeno as liñas aéreas de baixo custo ou *low cost*, que ofrecen xeralmente baixas tarifas a cambio de lles eliminar aos pasaxeiros moitos dos servizos tradicionais. Tamén destaca na actualidade a oferta de viaxes dirixida a grupos específicos: terceira idade, solteiros, estudantes etc.

Os retos da industria turística actual serían: en primeiro lugar, acadar un desenvolvemento sostible orientado a longo prazo e pór en marcha e facer cumprir as leis de protección da ecoloxía nos centros de maior incidencia turística. En segundo lugar, é preciso desenvolver e aplicar a lexislación e os regulamentos que eviten o fomento da economía somerxida existente en moitas comunidades no ámbito do turismo. Actualmente proliferan aloxamentos, restaurantes e instalacións de ocio que non declaran ante as autoridades, coa conseguinte falta de controis de sanidade, calidade etc. que isto implica.

Texto adaptado da *Wikipedia*

PARTE 2

1. BENVIDA E PREGUNTAS DE CONTACTO PERSOAL	1-2 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: esta parte NON é un interrogatorio e as preguntas NON se avalían. Trátase de que o candidato se sinta a gusto e de que se tranquilice, polo que cómpre evitar as preguntas que o poidan incomodar ou as que resulten molestas.</p>	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ Como está? ▪ De onde é? Fale un pouco sobre a súa cidade/vila/aldea... ▪ Canto tempo leva estudando galego? Por que o estuda? ▪ Que lle gusta facer no tempo libre? Que afeccións ten? <p>(Se procede)</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Que lle gusta máis da cultura galega? ▪ Que diferenzas atopa entre a cultura galega e a súa? 	
2. RESUMO	3 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o candidato ten que realizar un resumo do texto. Nesta fase preténdese comprobar que o candidato entendeu o contido do texto. NON é unha proba de memoria e, polo tanto, non é relevante que non lembre detalles concretos. En caso de que quede en branco, ou de que o seu resumo resulte excesivamente breve, pódese axudar formulando algunha(s) das seguintes preguntas:</p>	
<p>Faga un resumo do contido do texto.</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Segundo o texto, que aspectos pode destacar da historia e da evolución do turismo? ▪ Cales son os feitos históricos que afectaron ao desenvolvemento do turismo? ▪ Que comenta o texto da situación do turismo na actualidade? 	
3. EXPOSICIÓN	3-4 minutos aprox.
<p>Orientacións para o avaliador: o entrevistador escollerá unha das alternativas das que se propoñen e, a partir dela, diralle ao candidato que faga unha exposición de 2-3 minutos, na cal defenda o seu punto de vista ou argumente sobre ese tema. Daráselle 1 minuto para pensar ou organizar o seu discurso e indicárselle o tempo aproximado de duración. É moi importante que se realice esta parte para que o candidato poida ser debidamente avaliado. Se o candidato tarda en iniciar a súa exposición, poderáselle axudar con preguntas do tipo: Que opina vostede sobre isto? Está de acordo? Parécelle necesario? Quere engadir algo máis? Se non a realiza, haberá que respectar un pouco o seu silencio para deixar en evidencia que non está cumprindo esta parte da tarefa, pero EN NINGÚN CASO se pasará inmediatamente ás preguntas de interacción da seguinte parte.</p>	
<p>Realice unha exposición acerca do seguinte enunciado:</p> <ul style="list-style-type: none"> A. “Non sempre hai verdadeiro intercambio cultural ou beneficios económicos a longo prazo nas prácticas turísticas”. B. “Os novos tipos de turismo responden case sempre a modas efémeras, non a cambios reais da sociedade”. C. “O turismo é unha actividade económica máis dun país e precisa dun control da súa fiscalidade, sanidade, sustentabilidade etc”. 	

4. INTERACCIÓN

4 minutos aprox.

Orientacións para o avaliador: logo da exposición, establecerase un diálogo co candidato. A opción de preguntas que se lle dará ao candidato (A, B, C...) debe coincidir coa opción do enunciado do ítem anterior. Agora ben, estas preguntas NON consisten nun interrogatorio; son só suxestións e DEBEN ADECUARSE, na medida do posible, ao discurso do candidato. Ademais, é moi importante que se force a CONTRAARGUMENTACIÓN para poder avaliar a súa capacidade argumentativa.

OPCIÓN A

“Non sempre hai verdadeiro intercambio cultural ou beneficios económicos a longo prazo nas prácticas turísticas”

- Pensa vostede que a frase “viaxando apréndese moito” é aplicable actualmente ao turismo?
- Que opina sobre a xente que fai miles de quilómetros sen coñecer nada nin a ninguén do novo destino, máis ca os empregados dos hoteis ou xente da súa propia nacionalidade?
- Coñece algún caso de zona turística que teña dúas caras, unha positiva e outra negativa?
- Considera que o turismo, a especulación inmobiliaria e o maltrato ecolóxico van da man?
- Coida que a poboación é consciente da necesidade de manter un equilibrio entre sociedade do benestar e preocupación polo futuro?
- Pensa que cando viaxamos somos conscientes das posibilidades de intercambio e de enriquecemento cultural?
- (Se procede) Que diferenzas atopa sobre o turismo en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN B

“Os novos tipos de turismo responden case sempre a modas efémeras, non a cambios reais da sociedade”

- Que tipos de turismo coñece? Cal lle parece que é máis novo?
- Pensa vostede que estes novos xeitos de viaxar responden a demandas da sociedade actual ou son produtos inventados pola industria turística?
- Parécenlle útiles os programas turísticos para grupos específicos: terceira idade, solteiros etc.?
- Coñece xente que dedica ou dedicaría as súas vacacións a axudar a outras persoas ou a desenvolver proxectos solidarios?
- Cre que os programas de turismo solidario ou de axuda ao desenvolvemento teñen futuro ou son unha moda?
- (Se procede) Que diferenzas atopa sobre o turismo en Galicia e no seu lugar de orixe?

OPCIÓN C

“O turismo é unha actividade económica máis dun país e precisa dun control da súa fiscalidade, sanidade, sustentabilidade etc”

- Que opina vostede sobre a afirmación de que no ámbito do turismo poden existir moitas actividades non reguladas fiscal ou sanitariamente?
- Coñece vostede algún aloxamento ou casa de comidas que non estean recoñecidos como tales?
- Pensa que un maior control ou regulamento pode ter vantaxes e inconvenientes? Cales?
- Coida que hai lugares onde se pode durmir, comer ou realizar actividades de lecer que non están reguladas e que perderían o seu “encanto” se tivesen máis controis?
- Que pensa que sucedería se eliminásemos todos os bares, restaurantes e hoteis que non cumpren todas as normativas? Non cre que chegaríamos a unhas instalacións iguais en todas as partes, frías e despersonalizadas?
- (Se procede) Que diferenzas atopa sobre o turismo en Galicia e no seu lugar de orixe?